

**ACTA 3/18**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 19 DE FEBREIRO DE 2018 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:05 horas do día 19 de febreiro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D<sup>a</sup>. Uxía Lemus de la Iglesia

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Pérez Fagil

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D. Xurxo Francos Liñares

**Arquitecto:** D. Ignacio Soto González

**Secretaria:** D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS**

**2. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓNS DE DOMINIO PÚBLICO**

**3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

**4. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:



### **1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

**1.1.- A D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> MERCEDES MEJUTO CORTIZO**, en representación de **MADERAS BOQUEIXÓN S.L.**, licenza para obras de modificación da cuberta e reparación de fachadas dunha vivenda unifamiliar e construción dunha edificación auxiliar, en Chaves, nº 49, parroquia de Lucí (R.C.: 002300200NH33H0001SX), segundo proxecto redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais. Expediente núm: **8/18**.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra executada deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais: proxecto básico e de execución de modificación da cuberta e reparación de fachadas de vivenda unifamiliar e construción de edificación auxiliar para garaxe, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 22.06.2017.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Figura no expediente informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de data 30 de xuño de 2017, recibido no Concello o 05.07.2017 (rex. entrada nº 5).

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada polo titular antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, coordinador de seguridade, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen corrixidos os danos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
- .- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:
  - a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.
  - b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
  - c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
  - d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
  - e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
  - f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.



Terase en conta o capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como o capítulo II do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016.

Parámetros da obra permitidos:

- Clasificación do solo: ORDENANZA R2, SUELO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA
- Usos: VIVENDA
- Presuposto: 25.100,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 502,00 €.
  - . Taxa pola expedición de licenza urbanística: 60,00 €.
  - . Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 682,00 euros.

## **2.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO.**

**2.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A DANIEL BALSA MANSILLA (rex. entrada nº 832 do 31/01/2018)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 6 de febreiro de 2018 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

*Vista a solicitude presentada por D. Daniel Balsa Mansilla, de 31 de xaneiro de 2018 (rex. entrada nº 832), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo obras de apertura de gabia de 4 mts., na vía pública, a altura de Osebe, nº 67, Calo.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso*

outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.

Considerando que se constituíu garantía suficiente (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 31/01/2018) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.

En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Outorgar a D. DANIEL BALSA MANSILLA, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-3/2018) para poder levar a cabo obras de apertura de gabia de 4 mts., na vía pública, a altura de Osebe, nº 67, Calo de acordo co solicitado con data de 31 de xaneiro de 2018 (rex. entrada nº 832).

**Segundo.**- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:

**Primeiro.**- Outorgar a D. DANIEL BALSA MANSILLA, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-3/2018) para poder levar a cabo obras de apertura de gabia de 4 mts., na vía pública, a altura de Osebe, nº 67, Calo de acordo co solicitado con data de 31 de xaneiro de 2018 (rex. entrada nº 832).

**Segundo.**- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

2.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (rex. entrada nº 10.768 do 18/12/2017)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da Alcaldía de 7 de febreiro de 2018 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

Vista a solicitude presentada por D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., de 18 de decembro de 2017 (rex. entrada nº 10.768), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada “RBTS POLÍGONO 501, PARCELA 884 (TEO)”, a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Insua, nº 17-A, Luou (S/R: 218317070142).

Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.



*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, "axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral".*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, "salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación", circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 980, de 07/02/2018).*

*En virtude do exposto, e de acordo cos Decretos da alcaldía de 15 de xuño de 2015 (res. 463/15) e de 1 de marzo de 2016 (res. 175/16), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Outorgar a D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2017) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS POLÍGONO 501, PARCELA 884 (TEO)", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Insua, nº 17-A, Luou (S/R: 218317070142), de acordo co solicitado con data de 18 de decembro de 2017 (rex. entrada nº 10.768).*

**Segundo.**- *Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes."*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 15/06/2015 e de 01/03/2016 (núms. 463/15 e 175/16, respectivamente)), acorda:**

**Primeiro.**- **Outorgar a D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-42/2017) para poder levar a cabo as actuacións que figuran na documentación presentada "RBTS POLÍGONO 501, PARCELA 884 (TEO)", a fin de dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar en Insua, nº 17-A, Luou (S/R: 218317070142), de acordo co solicitado con data de 18 de decembro de 2017 (rex. entrada nº 10.768)..**

**Segundo.**- **Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes.**



### 3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

### 4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

